



IRIA GONZÁLEZ VENTOSINOS

Alumna de 2º BAC C

1º Premio de narrativa breve (Grupo B): *O meu Instituto*

As nubes avanzaban con preguiza polo ceo aquela mañá do outono de 1950. Erguérame en canto despuntou o amencer, despois dunha noite inqueda. Nunca fora á cidade, e menos para quedar alí tres meses sen coñecer a ninguén. O que é peor, nunca me separara de meus pais máis duns poucos días, e foi esa certeza, máis incluso que o feito de abandonar o meu fogar, a que me mantivo erguido toda a noite. Por descontado, non lle diría a miña nai que as marcas que tiña na face eran o resultado de pasar as horas anteriores chorando, e ela non preguntaría por que tiña os ollos vermellos malia que era case seguro que ambos os dous escoitaran os meus saloucos antes de durmir (se é que o conseguiron).

A mañá seguinte lavei a faciana e os xeonllos, puxen o traxe e baixei á cociña tratando de non tremer, poñendo a miña mellor cara de circunstancias. Alí agardaba por min unha cunca de chocolate con leite. Ollei para miña nai sen poder crelo, e ela miroume con tal orgullo nos ollos

que me erguín aínda máis na cadeira se cabe. E así, teso coma un pau, dei conta daquel almorzo co que ata daquela só soñara.

Pouco despois subín ó vello Citroën de meu pai coa maleta no colo. Non volvín a cabeza cara atrás, aínda que sabía que estaba sendo observado, mesmo con bágoas nos ollos. Pero eu permanecín sentado no asento moi dereito, sendo plenamente consciente do meu papel. E así partín cara a Lugo.

Como xa dixen antes, nunca estivera na capital da provincia, e gustaríame poder dicir que non quedei coa boca aberta cando cheguei, pero estaría mentindo. Por outro lado, non tiveren moito tempo para ver a cidade, posto que meu pai se dirixiu con presteza cara o instituto, e coa mesma celeridade mandoume baixar e despediume, non sen antes repetirme a mesma sarta de consellos que levaba dicindo un mes. E marchou, sen apertas, sen bicos, sen nada. Sabía que era o correcto posto que estabamos en público, pero non por iso se tornaba menos doloroso. Porén, xa ía mozo feito, ía empezar o bacharelato na capital, e ós meus once anos sabía o caro que lles sairía a meus pais. Por iso dei a volta e empecei a camiñar cara o imponente edificio que, malia a medio construír, ía ser o que nos acollera durante aquel curso escolar.

Dirixinme cara a porta destinada ós alumnos e, despois de revisar rapidamente a lista, atravesei o corredor e dirixinme á miña aula, na planta baixa. Alí agardei de pé con outros cantos rapaces. Pregunteime cantos deles viñan de lonxe, coma min. Pouco despois chegou o mestre, que nos deu permiso para sentarnos despois dunha breve presentación. Tiña un rostro adusto e unha voz grave e pausada que soaba como unha ameaza velada do que che podía ocorrer como moveses un só músculo. Así transcorreu a miña primeira clase de latín no chamado *Instituto Masculino* de Lugo. Gustaríame poder engadir máis detalles daquela experiencia, pero debo dicir que a miña primeira clase con Don Carlos Carballo deixoume notablemente impresionado. Tan centrado estiven en non intervir no seu monólogo (porque todas as clases constituían un lento monólogo) que pouco recordo de declinacións.

As horas pasaban e a medida que ía tendo contacto coas materias os meus nervios disipábanse pouco a pouco. Matemáticas, Relixión, Grego, Lingua castelá... Deime conta de que non se diferenciaba moito do que me examinara apenas unhas semanas antes. Ademais, como sospeitara, algúns dos rapaces que había na aula non procedían da cidade, polo que pronto conseguín facer amigos. Durmiamos todos na residencia, e tampouco

volverían á casa ata algúns meses despois. Decateime de que espertaba neles a mesma amargura que en min, a pesar de facelo polo seu futuro, mais tamén de que o afrontaban co mesmo estoicismo que vía reflectido na miña persoa.

Aquela noite conseguín durmir, pero tiveron terribles pesadelos, que se prolongaron durante varios días. No entanto, un día remataron para sempre.

Foi a imaxe do Xoán no chan, apertando as costelas e saloucando coma un can o que fixo que espertara. Non quería acabar coma el, non podía! Poderíámolo chamar trauma, quizais, non o sei. O resultado foi que conseguín acabar o bacharelato e, co tempo, Medicina, coma meu pai. Mais sei que non esqueceré eses sete anos que pasei no Lucus Augusti, a pesar do duros que nos seu momento se me puidesen antollar.